

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****ROSAL, O****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO
SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR***Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello do Rosal**

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións no período de exposición pública, o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria que tivo lugar o día 28/11/19, polo que se aprobaba inicialmente a modificación da Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello do Rosal, no que se refire ao artigo 7.6 desta Ordenanza, sobre porcentaxe do IPREM nos distintos tramos de participación das persoas usuarias e para evitar referenciar as cantidades exactas que figuraban en referencia ao IPREM vixente cada ano, en cumprimento do disposto no artigo 70 da Lei 7/1985, de 3 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 196.2 do Real Decreto 2568/986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, procédese á publicación do artigo 7.6 da ordenanza no seu texto definitivo e logo da modificación aprobada, modificación que non entrará en vigor ata que transcorra o prazo ao que se refire o artigo 70.2 da Lei 7/85:

7.6.- Determinación da participación no financiamento das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia:

O servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia prestarase de forma gratuíta naqueles casos nos que a capacidade económica resulte igual ou inferior ao 80% do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).

Para o resto dos supostos establécese unha regulación progresiva de participación económica no custo do servizo que terá en conta o cálculo da capacidade económica *per cápita* de acordo co establecido no apartado 4 deste artigo, e segundo o recollido na seguinte táboa: (artigo 62 do Decreto 99/2012):

Capacidade económica	Participación no custo do servizo de SAD básico
<=80% do IPREM	0%
>80% e <=100%	10%
>100% e <=120%	15%



Luns, 23 de marzo de 2020

Núm. 56

Capacidade económica	Participación no custo do servizo de SAD básico
>120% e <=140%	20%
>140% e <=150%	25%
>150% e <=170%	30%
>170% e <=200%	35%
>200% e <=225%	40%
>225% e <=250%	50%
>250% e <=275%	60%
>275% e <=300%	70%
>300% e <=350%	80%
>350%	90%

A alcaldesa

Ánxela Fernández Callís